



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cerdido en sesión ordinaria celebrada o día 30.10.2024, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 10/2024 TC de transferencia de crédito entre aplicacións de gasto correspondentes a distinta área de gasto, que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Consonte ao establecido no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2024, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL), o expediente expúxose ao público durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o día 7 de novembro de 2024, para os efectos de que as persoas interesadas puideran examinalo e presentar reclamacións perante o Pleno.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentasen reclamacións, considérase definitivamente aprobado e, de conformidade co recollido nos artigos 177.2 e 169.3 do TRLFL, faise público o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento do exercicio 2024 á data actual, que queda, tras a contabilización do antedito expediente modificativo, como segue:

CAPÍTULO	CRÉDITO TOTAL (€)
I.- GASTOS DE PERSOAL	206.017,73
II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	458.592,07
III.- GASTOS FINANCEIROS	1.136,77
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.333,70
V.- FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
VI.- INVERSIÓNS REAIS	1.242.936,29
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	7.378,06
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	1.933.394,62

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 do RDL 2/2024, de 5 de marzo, no prazo de dous meses contados a partir da presente publicación, tal como dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Cerdido, a 29 de novembro de 2024
O Alcalde
Alberto Javier Rey Paz